

BASES DOS CONCURSOS DE NADAL

Poderase participar nas seguintes modalidades:

1. Decoración das portas das aulas

- Forma de participación: O grupo-clase completo.
- En que consiste: Decorade a porta da vosa aula de referencia con adornos de temática navideña e unha mensaxe en galego. Os adornos deberán ser de elaboración propia. Animámosvos a que empreguedes materiais reutilizados.
- Data límite: Xoves **21** de decembro.
- Premios: Un premio á porta mellor decorada.

2. Tarxetas de felicitación

- Forma de participación: Individual ou en parella.
- En que consiste: Elaborade unha tarxeta en papel ou cartolina cunha mensaxe de felicitación en galego e decorádea con debuxos ou adornos en relevo.
- Data límite: Mércores **13** de decembro. Podedes entregar o voso traballo ao profesorado de galego ou a Laura, coordinadora do EDLG.
- Premios: 1º, 2º e 3º premio. Valorarase a orixinalidade da mensaxe e a calidade da decoración. A tarxeta gañadora do 1º premio será empregada polo centro para felicitar o nadal ás familias.